



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE CENLLE PARA A HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA DE TRASARIZ**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar co Concello de Cenlle o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello de Cenlle para a humanización da travesía de Trasariz.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

A actuación que se pretende realizar consiste basicamente en humanizar a travesía de Trasariz, duns 446 m de lonxitude, que conecta a estrada N-120 co núcleo rural de Trasariz. As obras proxectan unha senda peonil para o tránsito seguro dos peóns e a mellora da accesibilidade para as persoas con discapacidade.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

